

A ESCOLA DA VIDA

Elixir o futuro

05.06.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Finaliza o curso escolar. E, para algúns, tamén acaba un ciclo, xa que lles chegou a hora de elixir as súas opcións profesionais. Os que rematan o Bacharelato teñen que escoller entre facer a selectividade ou decidirse pola Formación Profesional. No primeiro caso, as súas expectativas veñen xa marcadas polo tipo de Bacharelato realizado, e quedalles por saber se acadarán esa nota que lles permitirá cursar a carreira en que puxeron as súas miras ou, pola contra, terán que formarse naqueloutra en que aínda queden prazas, pero que non era da súa preferencia. Aos que se dirixan aos Ciclos Formativos estánselles a abrir cada vez máis alternativas, aínda que algunhas cobren a súa cota de prazas desde o mesmo momento da apertura da matrícula.

En definitiva, hoxe non é fácil para un mozo ou moza pronunciarse sobre cal vai ser a mellor formación coa que encauzar o seu futuro profesional. Un futuro, ademais, que só empezará a albiscar dentro de varios anos. E coa conxuntura actual de paro, con moitos profesionais moi formados e con experiencias laborais punteiras, candidatos a cubrir calquera das vacantes que se vaian producindo, o medio laboral para os máis novos preséntase máis difícil, se cabe.

A pesar diso, cada vez máis, eles arríscanse a estudar propostas novas, deixando atrás as formacións máis conservadoras. De feito, moitas facultades tremen ano tras ano pola escasa matrícula que obteñen, mentres na Formación Profesional se aquilatan os seus centros con miras a darlles máis cobertura ás novidades do mercado e ás necesidades do seu alumnado. A inscrición do alumnado nos ciclos está por debaixo da media da Unión Europea, pero xa se deron pasos moi importantes, e só nos separa un 7 por cento para acadar o seu 83%.

A metodoloxía máis activa da FP, os talleres nos centros formativos, a práctica nas empresas e a posibilidade de que os alumnos poidan ser contratados por elas unha vez as finalicen son uns bos incentivos para que os mozos demostren interese por estes estudos.

Agora, cos novos graos, moitas facultades van iniciar o camiño da competencia coa FP polo alumnado, pois, aínda que sempre fan falla moitos máis técnicos que titulados superiores, ningún país pode esquecerse de que estes desempeñan unha misión social moi importante de cara a trazar as novas liñas no coñecemento e na innovación.